

- **Criterios de cualificación:**

A cualificación trimestral será o resultado da suma das cualificacións obtidas nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles.

Apartados	Instrumentos de avaliación	Observacións	Ponderación		
			1º ciclo	2º ciclo	3º ciclo
<b>A</b>	<b>Probas escritas (exames)</b>	Cada proba valorarase de 0 a 10 puntos. A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas.	60%	60%	60%
<b>B</b>	<b>Traballos (actividades realizadas na aula ou na casa) e caderno de clase.</b>	O caderno de clase e cada traballo valorarase e 0 a 10 puntos. A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas no caderno de clase e en cada un dos exercicios.	30%	30%	30%
<b>C</b>	<b>Caderno profesor.</b>	O profesor valorará de 0 a 10 puntos ao longo de cada avaliación os seguintes aspectos: atención e participación.	10%	10 %	10%

Na **área de educación artística** os criterios de cualificación serán os seguintes:

Apartados	Instrumentos de avaliación	Observacións	Ponderación		
			1º ciclo	2º ciclo	3º ciclo
<b>A</b>	<b>Probas escritas (exames)</b>	Cada proba valorarase de 0 a 10 puntos. A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas. <b><u>Na asignatura de plástica non se farán probas escritas</u></b>	música 40%	40%	40%
			plástica 0%	0%	0%
<b>B</b>	<b>Traballos (actividades realizadas na aula ou na casa) e caderno de clase.</b>	O caderno de clase e cada traballo valorarase e 0 a 10 puntos. No caso de música, terase tamén en conta a utilización do instrumento musical. A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas no caderno de clase e en cada un dos exercicios.	música 40%	40%	40%
			plástica 70%	70%	70%
<b>C</b>	<b>Caderno profesor.</b>	O profesor valorará de 0 a 10 puntos ao longo de cada avaliación os seguintes aspectos: atención e participación.	música 20%	20 %	20%
			plástica 30%	30%	30%

**Valoración de cada apartado:**

- **Apartado A:** (a valoración farase de acordo cos criterios de corrección que se establecerán ao inicio de cada unha)
- **Apartado B:**
  - ✓ **Traballos:**
    - Presentación 30%
    - Redacción 30%
    - Puntualidade (dentro do prazo) 10%
    - Contidos 30%
  - ✓ **Caderno de clase:**
    - Presentación 30%
    - Posta ao día 30%
    - Contidos 40%
- **Apartado C:** Cada alumno disporá de 10 puntos iniciais por trimestre que se irán reducindo en función da falta de atención e participación. A diminución de puntos poderá compensarse coa participación na clase, pero ao final do trimestre os puntos non poderán ser máis de 10.

As **cualificacións trimestrais** indicaranse en **cifras**, podendo expresarse ata un decimal, e obterase do seguinte xeito:

$$\text{cualificación} = A \times 0,6 + B \times 0,3 + C \times 0,1$$

As **cualificacións da avaliación**, de conformidade coa normativa vixente consignaranse na acta e boletín correspondentes, e expresaranse insuficiente (**IN**), suficiente (**SU**), ben (**BE**), notable (**NT**) e sobresaliente (**SB**).

A cualificación trimestral redondearase, se é o caso, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é 0,5 ou superior e ao anterior nos restantes casos.